

Unha triste mañá de outono

Unha triste mañá de outono,
cargaba consigo unha triste nova,
a nova que a todo o pobo galego espertou.
O lexos escoitabase aí miña nena,
a miña nena, onde está a miña nena.

As campás soaban, os cans ladraban,
o ceu volveuse unha noite de inverno,
un pequeno silbido do vento e todo volveuse silencio.
O lexos escoitabase aí miña nena,
a miña nena, onde está a miña nena.

Tres veces tocaron as campás!, tres veces as tocaron,
a voz desesperada ao lexos converteuse nun lamento,
o lamento do nada, o lamento do todo,
o lamento que convertía o todo en nada.
O pé da igrexa escoitabase, aí miña nena,
a miña nena, aí pobre da miña nena.

Lucía Vázquez Castro 1ºBAC B
(IES Lucus Augusti)